



---

## MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Acta da Sesión Ordinaria do Pleno do 27 de setembro de 2017

---

Na Galería da Alcaldía do Concello de Vigo, ás 17:30 horas do día 27 de setembro de 2017, ten lugar a sesión Ordinaria do Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, coa asistencia dos seguintes membros:

### **ASISTENTES**

Presidente: D. Abei R. Cabalero Álvarez, alcalde-presidente do Concello de Vigo.

Representantes concelleiros/as:

#### FORNELOS DE MONTES:

D. Emiliano Lage Rodríguez.  
D. Serafín Ángel Martínez Martínez

#### GONDOMAR

D. Juan Francisco Ferreira González

#### MOS

D. Francisco Vázquez Troitiño  
D<sup>a</sup>. Patricia Pérez Ucha.

#### REDONDELA:

D. Eduardo José Reguera Ocampo

#### SALCEDA DE CASELAS:

D<sup>a</sup>. Verónica Tourón Domínguez.

#### VIGO:

D<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez.  
D. Jaime Aneiros Pereira.  
D. Carlos López Font.  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez.  
D. Angel Rivas González.  
D. Rubén Pérez Correa

## NON ASISTEN

D. Xosé Antonio Araújo Quintas, concelleiro/a do Concello de Gondomar  
D<sup>a</sup>. Natalia Sofía Salgueiro Hermida, concelleiro/a do Concello de Gondomar  
D. Josué Villar Ballesteros, concelleiro/a do Concello de Gondomar  
D<sup>a</sup> Nidia María Arévalo Gómez, concelleiro/a do Concello de Mos  
D. Miguel Anxo Aldea Moscoso, concelleiro/a do Concello de Mos  
D. Andrés Iglesias Rodríguez, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén  
D. Francisco Amoedo Lorenzo, concelleiro/a do Concello de Pazos de Borbén  
D. Javier Bas Corugeira, concelleiro/a do Concello de Redondela  
D<sup>a</sup>. Raquel Quintans Costoya, concelleiro/a do Concello de Redondela  
D. Jorge Varela Couñago, concelleiro/a do Concello de Redondela  
D. Xoan Carlos González Campo, concelleiro/a do Concello de Redondela  
D. Marcos David Besada Pérez, concelleiro/a do Concello de Salceda de Caselas  
D. Santiago Rodríguez Davila, concelleiro/a do Concello de Salceda de Caselas  
D. Agustín Reguera Ocampo, concelleiro/a do Concello de Soutomaioir  
D. Ramón Ángel Fernández Garrido, concelleiro/a do Concello de Soutomaioir  
D. Alejandro Pazos Miguez, concelleiro/a do Concello de Soutomaioir  
D<sup>a</sup>. Elena Muñoz Fonteríz, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. Diego Gago Bugarín, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. José Manuel Figueroa Vila, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. Miguel Fidalgo Iglesias, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D. David Regades Fernández, concelleiro/a do Concello de Vigo  
D<sup>a</sup>. Margarida López Barreiro, concelleiro/a do Concello de Vigo

Asisten así mesmo, en representación da MAIV, o interventor D. Alberto Escaríz Couso. Da fe do acto o secretario José Riesgo Boluda.

**Secretario:** O quorum mínimo é un terzo de los membros da corporación, neste momento son 38 membros. Temos quorum, Presidente.

**Presidente:** Perfecto, moitas grazas. Benvidas e benvidos a este pleno da Mancomunidade.

Ben, se vos parece iniciamos coa orde do día:

### **PUNTO 1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (SESIÓN CONSTITUTIVA DO 11 DE FEBREIRO DE 2016).**

**Presidente:** O punto primeiro, aprobación da acta anterior referente á sesión constitutiva do 11 de febreiro do 2016. Observacións? Non hai ningunha.

Queda aprobada por unanimidade dos membros presentes.



## PUNTO 2.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2015

A Presidencia da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, por Decreto do 29 de abril de 2016 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2015 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidade na súa sesión do 28 de xullo de 2017, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2015 desta Mancomunidade dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Mediante edicto da Presidenta publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 149 do 4 de agosto de 2017 informouse da exposición ao público na sede da Secretaría Xeral da Mancomunidade, sita na primeira planta do Concello de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles mais oito, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 11 de setembro de 2017, a Secretaría Xeral da Mancomunidade emitiu certificado facendo constar que que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularsen reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

En consecuencia do exposto e de acordo ao establecido no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sométese ao Pleno da Mancomunidade de Vigo a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2015.

**Presidente:** Punto segundo, aprobación da Conta Xeral do ano 2015. Bueno, a conta xeral do ano 2015 foi pasada por Comisión de Contas da Mancomunidade o 28 de xullo, tivo espazo de exposición ao público, non houbo ningunha alegación, e en orde do seu ámbito global, houbo un superávit de 94.937 euros, case que 95.000, un total de gastos correntes de 413.191 euros,... polo tanto, ¿algunha observación?. Procedemos a votación.

Sometida a votación a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015, queda aprobada por 12 votos a favor e 2 abstencións.

## PUNTO 3.- APROBACION DA CONTA XERAL 2016

A Presidencia da Mancomunidade da Area Intermunicipal de Vigo, por Decreto do 29 de maio 2017 resolveu render a Conta Xeral dos Orzamentos correspondentes ao exercicio de 2016 formada pola Intervención Xeral xunto cos libros e toda a documentación anexa á mesma.

A Comisión Especial de Contas da Mancomunidade na súa sesión do 28 de xullo de 2017, ditaminou favorablemente a conta xeral do ano 2016 desta Mancomunidade dando cumprimento ao disposto no art. 212 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Mediante edicto da Presidenta publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 149 do 4 de agosto de 2017 informouse da exposición ó público na sede da Secretaría Xeral da Mancomunidade, sita na primeira planta do Concello de Vigo, do expediente de aprobación da Conta Xeral por espazo de 15 días hábiles mais oito, tal como establece o artigo 212.3 do RDL 2/2004 ao obxecto de que os interesados/as lexítimos puidesen examinala e formular por escrito reparos ou observacións.

Con data 11 de setembro de 2017, a Secretaría Xeral da Mancomunidade emitiu certificado facendo constar que unha vez rematado o prazo preceptivo establecido no Real Decreto legislativo 2/2004 para a información pública, non consta que se formularon reclamacións, reparos ou observacións á devandita Conta Xeral.

En consecuencia do exposto e de acordo ao establecido no artigo 212 2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, sométese ao Pleno da Mancomunidade de Vigo a proposta de aprobación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016.

**Presidente:** Pasamos ao punto terceiro, aprobación da Conta Xeral do ano 2016. Volve a haber a mesma tramitación satisfactoria, aprobada pola Comisión Especial de Contas o 28 de xullo e foi publicada no Boletín da Provincia, exposición pública durante 15 días, ningunha observación e ten un superávit de 116.093 euros, cun total de gastos correntes de 300.000 euros e unha cifra total de tesourería nestes momentos de 1.300.000 euros. ¿Algunha observación? (non hai)  
Cumpla a súa votación.

Sometida a votación a aprobación da Conta Xeral do exercicio 2016, queda aprobado por 12 votos a favor, ningún en contra e 2 abstencións.

#### **PUNTO 4.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 7/2015, 8/2015, 9/2015 E 10/2015.**

De conformidade co establecido nas Bases de execución do presuposto do 2015 prorrogado, dase conta ao pleno sobre os expedientes de Modificación de crédito nº 7/2015, 8/2015, 9/2015 e 10/2015 relativos aos conceptos que a continuación se relacionan:

Expediente nº 7/2015 ,modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL) para os gastos de salarios e Seguridade Social do persoal contratado ao abeiro do proxecto durante o ano 2015. O importe é e 81.921,07 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.

xpediente nº 8/2015 ,modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL) para os gastos de publicación en prensa dunha oferta de emprego. O importe é e 399,30 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado

**Expediente nº 9/2015 , modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL) para os gastos de funcionamento durante o ano 2015. O importe é e 10.575,00 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado**

**Expediente nº 10/2015, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) para o desenvolvemento dun plan agrupado de formación por parte da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o ano 2015 (Resolución do 25 de setembro de 2015). O importe é de 15.573,00 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.**

**PROPOSTA: Dar conta, ao Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, dos expedientes indicados.**

**Presidente:** O punto cuarto, expedientes de modificación de crédito 7/2015, 8/2015, 9/2015 e 10/2015. Corresponden:

- Expediente 7/2015, a un programa de emprego; é un obradoiro de emprego de garantía xuvenil.
- Expediente 8/2015, obradoiro de emprego xuvenil.
- O expediente 9/2015 corresponde a un obradoiro de emprego de garantía xuvenil.
- E o expediente 10/2015, subvención da Escola Galega de Administración Pública cun montante total de 15.573 euros. Ven avalado polo secretario.

¿Observacións?. (Non hai)

Queda dada conta.

#### **PUNTO 5.- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 1/2016, E 2/2016.**

De conformidade co establecido nas Bases de execución do presuposto do 2016 prorrogado, dase conta ao pleno sobre os expedientes de Modificación de crédito nº 1/2016 e 2/2016 relativos ós conceptos que a continuación se relacionan:

**Expediente nº 1/2016 ,modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola Xunta de Galicia para a posta en marcha dun programa mixto de emprego e formación dirixido a persoas mozas incluídas no sistema nacional de Garantía Xuvenil (OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL) para os gastos de salarios e Seguridade Social do persoal contratado e gastos de funcioamento ao abeiro do proxecto durante o ano 2016. O importe é e 107.024,49 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.**

**Expediente nº 2/2016, modificación de crédito por xeración pola axuda concedida pola ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP) para o desenvolvemento dun plan agrupado de formación por parte da Mancomunidad da Area Intermunicipal de Vigo para o ano 2016. O importe é de 19.003,00 euros, coa característica de gasto con financiamento afectado.**

**PROPOSTA: Dar conta o Pleno da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, dos expedientes indicados.**

**Presidente:** O punto quinto, expedientes de modificación de crédito, 1 e 2 do ano 2016. Igual que os acabo de citar son:

- O 1/2016, expediente de emprego de garantía xuvenil.
- e o 2/2016 é un proxecto da Escola Galega de Administración Pública, un plan de formación agrupado da Mancomunidade, firmado polo secretario.

¿Algunha observación? (non hai)

Queda dada conta.

## **PUNTO 6.- ROGOS E PREGUNTAS**

**Presidente:** Bueno, rogos e preguntas. Antes de pasar a isto, quería facer una observación. Bueno, esta Mancomunidade, nun momento iniciou o proceso da súa disolución porque na lei aprobada de Area Metropolitana había una disposición transitoria que ordenaba a disolución da Mancomunidade que se integraría na Area Metropolitana. Iniciamos o proceso de disolución pero cando estabamos aínda na tramitación dos expedientes, a interposición do recurso de petición de suspensión cautelar administrativa por parte da Xunta de Galicia da lei de area metropolitana e a súa aceptación polo xuíz de administrativo de Vigo produce a suspensión dos efectos da lei na súa totalidade e polo tanto a suspensión tamén do mandato de disolución da Mancomunidade. Iso significa que houbo que paralizar esta disolución, que parecía conveniente porque había unha área metropolitana e parecía conveniente porque co propio paso do tempo, a Mancomunidade perdeu actividade, desaparecen proxectos europeos e polo tanto atopámonos con que o propio funcionamento produce un superávit certamente significativo, 1.000.000 dixeran a cifra de tesourería, creo recordar que dixeran 1.300.000 euros de tesourería; significa que estamos acumulando remanentes e polo tanto creo que nun momento próximo haberá que decidir se procede a súa disolución. Eu avanzo que vou a consultar cos grupos que conformamos esta mancomunidade; é certo que hai un grupo que non asiste hoxe, que a raíz do que a prensa di, din que non asisten porque consideran que xa se tiña que ter disolvido esta Mancomunidade. Debo dicir que se non se disolveu foi porque o seu grupo e a Xunta de Galicia do seu color político levou aos tribunais a Lei da Area Metropolitana, se non teríamos nestes momentos seguramente disolvida a Mancomunidade e en funcionamento a Area Metropolitana. Creo que debía dar esta información e a partir de aí, ¿algún rogo, algunha pregunta?

**Francisco Vázquez Troitiño:** Si, que logo lle paso por escrito, vouno ler.

**Presidente:** ¿É un rogo?

**Francisco Vázquez Troitiño:** Son 3 rogos.

**Presidente:** Tres rogos, vale.

**Francisco Vázquez Troitiño:** Vouno ler, despois llo paso por correo, se quere, ao secretario para que non teña que traballar. Bueno, que durante o primeiro semestre do 2017, once concellos da zona de

influencia de Vigo, entre eles a maioría dos que forman parte desta Mancomunidade e que representan a 470.000 habitantes, en sesións plenarias e co voto unánime en practicamente todas as corporacións, demandaron mediante aprobación o seguinte acordo: "Instar á Xunta de Galicia que en breve prazo leve a cabo a recuperación do antigo hospital do Rebullón e organice a implantación de servizos socio-sanitarios públicos como poden ser residencias xeriátricas ou centros de día que beneficien aos veciños da comarca de Galicia. No parlamento de Galicia, o Partido Popular como grupo maioritario na Comisión correspondente votou en contra desta iniciativa que formalizara o grupo parlamentario En Marea, e que impediu de feito iniciar a recuperación deste edificio, propiedade da Consellería de Sanidade e que esta maiormente por abandonalo, polo que sofre un deterioro progresivo esta emblemática construción nun entorno realmente agradable.

Por outra banda, existen carencias de servizos públicos socio-sanitarios na comarca en Galicia, 1.700 persoas agardan por unha praza nunha residencia de maiores. Coa habilitación deste edificio poden paliarse necesidades neste sentido e outras tales como centro de día, atención a mulleres, etc. A Mancomunidade como organismo mais representativo, a través do seu presidente e dos órganos de goberno, defensora dos intereses e benestar da maioría dos habitantes da contorna de Vigo, pensamos que debe facerse eco deste clamor plasmado nos acordos primarios dos concellos e liderar a recuperación do Rebullón con todos os medios ao seu alcance para manter o noso patrimonio histórico e satisfacer as relevantes necesidades socio-sanitarias dos galegos e da veciñanza da comarca...

**Presidente:** Paréceme espléndido e contesto que si.

**Francisco Vázquez Troitiño:** Gustárame que opinara algún grupo sobre isto, que lle parece ou vostede mesmo.

**Presidente:** Eu xa estou dicindo que si, que me parece espléndido e creo que si o temos que facer. E creo que o primeiro seguramente é enviar en nome de toda a mancomunidade unha carta á Xunta de Galicia plantexando que si, que estamos de acordo con isto.

**Francisco Vázquez Troitiño:** Esta aí o Sanatorio de Toen, caéndose por Ourense,...

**Presidente:** Veña, mais.

**Francisco Vázquez Troitiño:** A perda de liñas de autobuses na comarca nos últimos meses é alarmante, asociado ao incumprimento dos horarios que prexudica seriamente á veciñanza, sobre todo nas zonas rurais e prego aos órganos de goberno da Mancomunidade que realice un estudo urxente dos concellos afectados e poñan todos os medios ao seu alcance para que as liñas anteriores ao mes de xuño se manteñan e, en caso de necesidade, se melloren.

**Presidente:** Paréceme moi boa idea. Aceptada, por parte do presidente.

**Francisco Vázquez Troitiño:** Grazas. E despois a terceira, o enlace que hai entre a A-55 e a A-9 no alto de Puxeiros, en territorio de Vigo límite con Mos, produce continuamente accidentes porque non esta rematado ese enlace e polo tanto, tamén pido que a Mancomunidade inicie os tramites que considere co fin de resolver este grave problema de circulación.

**Presidente:** Faremos un estudio e tomaremos carta neste asunto.

**Francisco Vázquez Troitiño:** De acordo, grazas.


**Presidente:** ¿Algún outro rogo ou pregunta? (non hai). Pois despois de aceptar estes tres rogos que me parecen magníficos, dito sexa de paso, e quero felicitarte por telos plantexado aquí, non habendo mais temas levántase a sesión.

Sen mais asuntos para tratar, o Presidente da as grazas e remata a sesión ás 17.55 horas, do que eu como Secretario dou fe.

Vº e praxe.

O PRESIDENTE

Abel R. Caballero Álvarez.



O SECRETARIO

José Riesgo Boluda.